

TEMA 15.- A ARTE DESDE 1945 - COMENTARIO MINIMALISMO. CARL ANDRÉ:

EQUIVALENTE VIII

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movemento; cronoloxía; título; autor: Equivalente VIII é unha escultura minimalista realizada en ladrillo por Carl André en 1966.

c.- Analiza e comenta a obra: o termo minimalista refírese a calquera cousa que foi reducida ao esencial. No ámbito artístico, o minimalismo é un movemento que xorde a mediados dos anos sesenta en Estados Unidos como unha reacción contra a subxectividade e o carácter emocional do Expressionismo Abstracto, que se baseaba na improvisación e na espontaneidade. Os artistas minimalistas crearon unha serie de obras, que definían como "estruturas ou sistemas", nas que o predominio das formas xeométricas elementais e dos materiais máis rudimentarios era absoluto. O minimalismo propón unha arte totalmente planificada, de execución anónima e de grande claridade e simplicidade. As súas principais características son: a máxima inmediatez -subliñando a importancia do todo sobre as partes-, superficies inmaculadas, cores puras, formas simples e xeométricas realizadas con precisión mecánica, e utilización de materiais industriais da maneira máis neutral posible de modo que non se alteren as súas calidades visuais. O artista minimalista sitúa os seus referentes creativos no propio



obxecto artístico afastándose desta maneira de toda interferencia co mundo exterior. As obras minimalistas son frías, carentes de calquera tipo de emoción, de grande formato e as pinturas carecen de marco.

Carl André, escultor estadounidense, é un dos principais representantes do movemento minimalista.. Nas súas esculturas emprega poucos elementos con figuras xeométricas colocadas harmoniosamente. É un escultor atípico pois non traballa o material; ademais coloca as súas obras sen pedestal a nivel do chan e horizontalmente, integrándoas totalmente no espazo para o que están pensadas. Utiliza un proceso

repetitivo e sistemático en relación co espazo circundante. Unhas veces reúne ordenadamente módulos parellos e delgados a ras do chan que dan orixe a unha especie de alfombras rectangulares e cadradas (como se observa en "Equivalente VIII"), a longos camiños ou a construcións en esquina.

En "Equivalente VIII" emprega dúas filas de ladrillos xustapostos, idénticos, sen características propias, inidentificables. A escultura esténdese horizontalmente, apenas se levanta do chan. Aseméllase a un chan e, sen embargo, ten certo grosor.